

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MUXÍA
Edificio	Espadana da igrexa de San Cibrán de Vilastose
Dirección	Lugar da Grixá 15124
	43.04862206417613 -9.15368663905044
Protección	
Descrición	<p>A igrexa de Vilastose está situada no lugar da Grixá, Pertence ó concello de Muxía, aarciprestazgo de Nemancos e diócese de Santiago de Compostela.</p> <p>Ten unha planta de salón con dúas capelas ós lados. simulando un cruceiro. No século XX cambiouse o teito ó engadírselle unha cuberta de placa de formigón.</p> <p>Ós pés levántase un coro alto de cemento e un espazo adicado o baptisterio. A capela maior, de planta rectangular, presenta unha cima-recta tallada en granito, que marca a liña de imposta desde que arranca a bóveda. As dúas capelas que se abren á nave central, ó norte e ó sur respectivamente, están adicadas á Nosa Señora do Rosario e á Concepción. A primeira foi fundada por don Cristobal de Pazos, fidalgo local; e a segunda pola familia dos Agulleiro, en época barroca. A sancristía, con acceso desde ó interior do presbiterio e desde o exterior do templo, cóbrese cunha bóveda granítica de canón, lixeiramente apuntada.</p> <p>Unha das singularidades do uso proxémico do espazo nesta parroquia é a colocación de elementos da arquitectura popular como o hórreo, xunto a outros de carácter relixioso como o campanario. Unha espadana de estilo barroco, desprazado da súa localización habitual da igrexa. A espadana ten dous ocos en arco de medio punto sobre unha base de perpiaño e rematado por un frontón curvo partido flanqueado por dous pináculos e rematando o conxunto por unha cruz de granito.</p>
Campás	2 campás. A maior de 1903, fundida por d. Melchor Ocampo e a menor de 2001 fundida polos Ocampo en Arcos da Condesa.
Fotos	8
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	BERNAL TORTOSA, Vicente Jesús / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	14-01-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana exenta	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	2001	51	77
Espadana exenta	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)</u>	1903	83	331

Información completa: [Espadana da igrexa de San Cibrán de Vilastose - MUXÍA \(GALICIA\)](#)

PDF (30-05-2026)